

## CONCELLO PLENO

### ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2018/06

**CARÁCTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 18 de setembro de 2018.No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día **18 de setembro de 2018** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

**Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas (excusa ausencia)

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

**Polo Grupo do Partido Popular**

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

**Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

**Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**

Dona Marta María Saiz García

**Secretario Xeral:**

D.José A. Carro Asorey

**Interventor:**

D.Luis R.Vázquez Parga

**Técnico de Admón.Xeral.**

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

O Sr.Alcalde disculpa a ausencia da concelleira do seu Grupo dona Paz Ermida Igrexas.

### **1.APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES ORDINARIA DE 31 DE XULLO E EXTRAORDINARIA DE 23 DE AGOSTO DE 2018.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia dos borradores das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Concelleira do Grupo Socialista Sra.González Ginzo refírese á súa intervención no punto primeiro da sesión ordinaria de 31 de xullo de 2018 na que sinalaba que a acta do Pleno de data 24 de maio de 2018 que se sometía a aprobación non recollía exactamente o manifestado pola mesma no punto 4º (Expediente 1079/2018) da referida sesión.

Nese punto a Concelleira indicaba que no convenio recollido na acta da Xunta de Goberno da Deputación Provincial desapareceran os puntos 5 e 6 do apartado 6º (Réxime económico) e que dende o Grupo municipal socialista estaban satisfeitos por esa supresión propoñendo aproveitar para quitar o punto 2 do mesmo apartado.

A Corporación acorda recoller a modificación proposta, na referida acta de 24 de maio de 2018, e por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria prestarlles a súa aprobación ás actas de 31 de xullo de 2018 coa modificación sinalada e á de 23 de agosto de 2018 sen modificación, adición ou enmenda algunha.

### **2.-EXPEDIENTE Nº 229/2018 RELATIVO Á DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DO 2T/2018 DO PLAN DE AXUSTE.**

Dase conta do expediente relativo ao asunto epigrafiado quedando enterada a Corporación.

### **3.-EXPEDIENTE Nº 229/2018 RELATIVO Á DACIÓN DE CONTA DO INFORME 2T/2018 DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO.**

Dase conta do expediente relativo ao asunto epigrafiado quedando enterada a Corporación.

### **4.-EXPEDIENTE NÚM. 1534/2018 RELATIVO Á EXPROPIACIÓN PARA ACTUACIÓN NO ABASTECIMENTO DE AUGAS A RIBADEO FASE I ( DEPÓSITO DE AUGA EN CHAO DE OVE).**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“DITAME

Dase conta do informe-proposta de Secretaría que obra no expediente e que se transcribe:

#### “INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA

En relación co procedemento do expediente **PROXECTO DE EXPROPIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “ACTUACIÓN NO ABASTECIMENTO DE RIBADEO. FASE I” (CONSTRUCCION DEPÓSITO DE AUGA EN CHAO DE OVE)** que leva á práctica as determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 268/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emito o seguinte informe:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** Aprobado inicialmente por acordo plenario de data 24 de maio de 2018 o proxecto de expropiación referenciado, foi sometido a información pública durante o prazo de quince días.

**SEGUNDO.** No período de información pública, foron presentadas as seguintes alegacións:

Nº Orde	Titular Catastral: Nome e apelidos	Data entrada no Concello	Nº Rexistro entrada
1	Jose Francisco López Ares	12/06/2018	2018-E-RC-5743

**TERCEIRO.** Ao respecto das alegacións, informouse:

Nº Orde	Titular Catastral: Nome e apelidos	Informe Alegación
1	Jose Francisco López Ares	<p>En contestación as alegacións presentadas, que se concretan na valoración efectuada polo enxeñeiro técnico agrícola D. Antonio Álvarez Martínez, onde se establece un xustiprezo valorado na cantidade de 66.773,84 €, este técnico municipal está en <b>DESACORDO</b> con dita valoración:</p> <p>1º Posto que na mesma estase a valorar o rendemento da produción da parcela para un cultivo de maíz para grano, por se esta (segundo o informe) a opción de maior potencial produtivo de entre as producións tradicionais e habituais do contorna e nas parcelas próximas o núcleo rural, e que por iso debe ser considerada a hora de calcular a renda de capitalización, cando a realidade e que se trata dunha pradeira.</p> <p>2º Considera que o valor do solo rural debe ser corrixido a alza, aplicando un coeficiente por</p>

		<p>accesibilidade a núcleos de poboación, sen que se xustifique motivadamente no informe de valoración presentado.</p> <p>3º.- Propón unha indemnización por demérito de finca, indicando que condiciona o uso do resto da parcela, ao existir a futura infraestrutura municipal na colindancia.</p> <p>Neste caso, hai que ter en conta que antes da aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que cualificou unha parte da parcela en solo de núcleo rural común e o resto dentro da categoría de solo rústico dentro da categoría de protección ordinaria, os terreos na súa totalidade figuraban como Solo Rústico, e que foi como consecuencia da aprobación do PXOM, como se categorizarán novamente os usos e se revalorizaron as dúas parcelas.</p> <p>Así, o valor da parcela na súa totalidade, antes do PXOM, a criterio do técnico informante sería inferior a 10.000 € (conta cunha superficie total de 9.362,00 m<sup>2</sup>), e agora a parte de solo rústico de protección ordinaria correspondelle un valor de 7.042,52 € (segundo o informe municipal) e a parte que se atopa en Solo de Núcleo Rural Común (2.181 m<sup>2</sup>) ten un valor como mínimo de 10 veces maior (segundo os valores actuais de mercado para parcelas situadas en solo de núcleo rural), así que resulta totalmente falso que se produza un demérito na parcela o contar cunha infraestrutura na colindancia da mesma.</p> <p>Por último, manifestar que a valoración dos terreos indicada no informe pericial presentado por parte do alegante, non se corresponde, en ningún caso, co valor real do mercado, para parcelas situadas en Solo Rústico, sirva como exemplo o valor que figura na certificación catastral, que ascende a cantidade de 483,83 € (ano 2018).</p>
--	--	--

Obra no expediente Informe do técnico municipal, D. Francisco M. Moreda Gil, de data 24/08/2018 .

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ven determinada por:

— Os artigos 96 e concordantes da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.

— O artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación definitiva polo Alcalde deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 268/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Aprobar con carácter definitivo a relación concreta, individualizada e valorada dos bens e dereitos a ocupar necesariamente para a execución das obras mencionadas.

**SEGUNDO.** **Rexeitar** a alegación formulada por D. Jose Francisco Lopez Ares, polos motivos expresados e con fundamento no Informe dos Servizos Técnicos municipais de data 24/08/2018 qe se une como anexo, de conformidade con canto dispón o artigo 88.6 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP. e do que se remitirá copia ao interesado xunto coa notificación do acordo que se adopte.

En consecuencia formular a Folla de Aprecio Municipal coa valoración do técnico, que se notificará novamente ao propietario, o cal dentro do dez días seguintes, poderá aceptala de xeito sinxelo ou ben rexeitala, e neste segundo caso, terá dereito a facer as alegacións que estime pertinentes, empregando os métodos de valoración que xulgue máis axeitados para xustificar a súa propia valoración e así mesmo achegar as probas que considere oportunas en xustificación de devanditas alegacións.

Se transcorresen os dez días e o propietario rexeitase o prezo sinalado na Folla de Aprecio do Concello, remitírase o expediente de prezo xusto ao Xurado de Expropiación, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei de Expropiación Forzosa.

**TERCEIRO.** Considerar a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que se refire este expediente, e, por tanto, acordar a ocupación dos mesmos apra a execución das obras necesarias.”

A Comisión Informativa por sete votos a favor (dos membros do BNG, PSG-PSOE e C´s) e dúas abstencións (dos membros do PP) acorda ditaminar favorablemente o expediente e proposta sinalada para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal nos propios termos da mesma.””

**A Corporación, en votación ordinaria, por doce votos a favor (dos membros dos Grupos BNF, PSG-PSOE e C´s) e catro abstencións ( dos membros do Grupo Popular) acorda:**

**1º.-Prestar aprobación ao ditame de referencia nos propios termos do mesmo.**

**2º.Facultar á Alcaldía-Presidencia tan amplamente en dereito como sexa preciso para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.**

**5.-EXPEDIENTE Nº 1079/2018 RELATIVO AO ESTUDIO DE VIABILIDADE INCLUÍDO NA MEMORIA DO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE RIBADEO.**

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

**“DITAME:**

Obra no expediente o anterior acordo de Pleno de 31 de xullo ppdo.polo que se tomou en consideración e acordou a exposición pública conforme se sinala no artigo 97 do RD 781/1986, de 18 de abril de aprobación do TR de medidas urxentes en materia de réxime Local respecto do Centro de atención a maiores.

**Sínálase pola Alcaldía que no se produciron alegacións durante o período de exposición.**

Consta igualmente, no expediente, a seguinte documentación:

- Estudio de viabilidade da nova residencia de maiores de ribadeo de data 19/06/2018 redactado pola empresa into consulting galicia sl, presentado no concello o día 18/07/2018, nre 2018-e-re-359, complementado por un informe do mesmo autor de 23/07/2018 denominado estimación da aportacion municipal e consignación orzamentaria.

- O convenio marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a deputación de lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral deputación de lugo-concello de ribadeo asinado o 20/06/2018.

- A memoria para o centro de atención a maiores de ribadeo coa toma en consideración pola corporación nos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro, regulamentos de acceso, réxime interior e de prezos públicos así como da forma de xestión directa a través de convenio de colaboración coa deputacion provincial de lugo, no pleno de 31/07/2018.

Por parte do Interventor municipal emitíuse informe igualmente, con data 3/09/2018, sobre o referido estudio de viabilidade coas consideracións e conclusións que consta no mesmo e que obra no expediente.

Por Secretaría sínálase que procedería agora aprobar o proxeto indicado e remitir á Xunta en petición da autorización para o inicio da actividade (AIA).

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente o proxeto sinalado para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

O Sr. Alcalde sinala que se trata dun paso mais para pode pór en marcha o referido Centro de atención a maiores.

O Concelleiro do Grupo Popular Sr. López Penabad mostra a súa conformidade para que siga adiante.

Visto o disposto no artigo 97 do Real Decreto 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

Visto o disposto no artigo 24 do Decreto 254/2011, de 23 de decembro polo que se regula o réxime xurídico do rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia.

**A Corporación, por unanimidade dos membros presentes (16 dos 17 que compoñen de dereito a Corporación) co quorum polo tanto da maioría absoluta legal do número de membros da mesma, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación ao ditame da Comisión indicado e en consecuencia acórdase:**

**1.- Determinar para o Centro de maiores de Ribadeo a forma de xestión directa a través de convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo.**

**2.- Aprobar o proxecto ( Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro para o Centro de maiores de Ribadeo cos correspondentes Regulamentos de acceso, de réxime interior e de prezos públicos para a mesma).**

**3.-Remitir o expediente completo á Xunta en petición da autorización para o inicio da actividade.**

#### **DECLARACIÓN DE URXENCIA.**

##### **1.- EXPEDIENTE NÚMERO 1307/2018 RELATIVO Á CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017.**

Pola Alcaldía ponse en coñecemento da Corporación o expediente relativo á Conta Xeral de 2017 que non figura incluída na Orde do día xa que rematou recentemente o período de exposición pública, sen reclamacións segundo consta, e que se somete ao Pleno para poder remitir aos organismos oficiais procedentes.

A Corporación por unanimidade dos seus membros presentes acorda considerar a urxencia do asunto e en consecuencia a súa inclusión na orde do día para o seu tratamento.

De seguido por Secretaría dase conta do expediente coa Proposta da Alcaldía que se transcribe:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**



Vista a Conta Xeral do exercicio 2017 do Concello de Ribadeo, xunto con toda a documentación anexa a esta, elaborada segundo o disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como así como nas Regras 44 e seguintes da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, que consta da seguinte documentación:

- Balance
- Conta do resultado económico-patrimonial
- Estado de cambios no patrimonio neto
- Estado de fluxos de efectivo
- Estado de Liquidación do Orzamento
- Memoria
- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas ao fin de exercicio.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nestas a favor da entidade local, referidos ao fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria e o correspondente estado de conciliación para o caso de diferenzas entre os datos contables e saldos.

Visto que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de 24/07/2018, e foi exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións durante o prazo marcado no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen que se presentase ningunha, segundo consta no certificado de Secretaría emitido con data 13/09/2018.

Tendo en conta que a Regra 49.4 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local sinala o seguinte:

*“A Aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas”.*

Visto o informe de Intervención emitido sobre a devandita Conta Xeral de data 05/07/2018, e o Ditame da Comisión Especial de Contas emitido con data 24/07/2018, de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2017 do Concello de Ribadeo.

**SEGUNDO.** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 6/1985, de 24 de xuño, que regula este organismo.”



A Corporación municipal, en votación ordinaria, por catorce votos a favor (dos membros presentes do Grupo Nacionalista, Grupo Popular e Grupo Mixto-Cidadans) así como duas abstencións dos membros do Grupo Socialista, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

## **2.- DACION CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2019. DECLARACIÓN DE URXENCIA.**

Pola Alcaldía ponse en coñecemento da Corporación o expediente 229/2018 relativo á dación de conta das liñas fundamentais do orzamento de 2019, Resolución ditada pola Alcaldía con data 12/09/2018 en cumprimento da lexislación vixente e da que se acorda remitir pola Intervención municipal os datos que se sinalan á Oficina virtual de coordinación financeira coas Entidades locais.

A Corporación por unanimidade dos seus membros presentes acorda considerar a urxencia do asunto e en consecuencia a súa inclusión na orde do día para o seu tratamento.

**A Corporación municipal, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes acorda darse por enterada.**

## **6.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE XUÑO E O 31 DE XULLO DE 2018 (EXPEDIENTE Nº. 1796/2016). MOCIONS. ROGOS E PREGUNTAS.**

### **DECRETOS DITADOS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-**

A Corporación queda enterada dos Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia no período indicado de 1 de xuño ao 31 de xullo de 2018.

### **MOCIONS.-**

Non hai ningunha.

### **ROGOS E PREGUNTAS.-**

Por parte da Sra. Saiz García, do Grupo Mixto-Cidadáns non se formula ningún rogo nin pregunta.

### **DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

A Concelleira Sra. González Ginzo refírese a que durante o verán se detectaron abundantes

zonas na Vila, de cheiro a ouriños, e cree que todo o mundo se deu conta polo que propón á vista de que Ribadeo é un destiño turístico que se poñan Wc públicos portátiles en diferentes puntos o que podería solucionar o problema.

Refírese tamén á limpeza das beirarrúas que dí están moi sucias, negras e que sería necesario facer unha limpeza máis frecuente.

Na rúa Amando Pérez refírese ao accidente que causou danos a unhas vehículos que estaban aparcados no paseo marítimo e roga que se adopte algunha medida de redución de velocidade, sinais ou o que sexa para evitar esas velocidades. Non existe ningún tipo de sinalización para que non baixen vehículos de maior tamaño, autobuses, etc.

Pon de manifesto tamén que en Vilaframil, no Coto, xusto donde está a súa casa que antes non había moitos coches pero agora sí e ao non existir sinalización debería valorarse para poñer algunha.

Roga que se dea voz aos veciños nos Plenos e refírese ao Regulamento de Participación cidadá, unha vez máis, con independencia do contacto que poidan ter co Alcalde ou con outros membros da Corporación.

Nese sentido traen hoxe unhas preguntas que lle formularon membros do colectivo “ Por Nuestro Faro” e en primeiro lugar pregunta se hai resposta de Portos sobre as actividades na Illa que se plantexaron dous plenos atrás.

O Sr.Alcalde respota e respecto aos ouriños sinala que discrepa dese cheiro que se dí. Respecto aos w.c. portátiles sinala que se pode estudar pero que o problema non será poñelos senon limpalos as veces que faga falta para que non sexa peor e polo menos a experiencia que hai é de que se precisa polo menos 3 veces ao día; non é polo quen poidan costar senon polo mantemento e persoal.

Canto ao de impeza de rúas sinalase que sí se están limpando coa máquina a presión e que os titulares das terrazas teñen a obriga de limpar as súas zonas segundo se sinala na correspondente Ordenanza. Incide na resposta o Concelleiro delegado Sr. Freije Díaz.

Respecto a cuestión do tráfico manifesta o Sr.Alcalde que vai mirar coa Policía Local a solución que se pode dar pero indica que hai que ter cuidado posto que, por ex. non pode prohibirse ao propio concello que pase por ahí o camiión do lixo.

Na cuestión de Vilaframil indica que se vai mirar e respecto do Regulamento de participación cidadá sinala que está estudiándose.

Tocante á petición que se lle formulou, de información, á Autoridade Portuaria indica que hai menos dun mes que se lle reiterou tal petición de informe sen que ata o día de hoxe respotara, sinalando que se lle pode dar unha copia do oficio.

Intervén de novo a Concelleira Sra. González Ginzo para facer certos matices respecto as respostas dadas pola Alcaldía e con relación concretamente ao tema recorrente do Regulamento de Participación cidadá pide que se dean presa no estudio senon vai acabar o

mandato sen resolver.

Respecto ao tema da Plataforma do Faro da Illa Pancha refírese á exposición pública do proxecto de saneamento que está en exposición pública no mes de agosto e datas das festas patronais polo que parece un pouco oportunista.

Parece que a zona por donde pasa no aparece no documento de concesión e sinala que os informes de Medio Ambiente non se puideron ter en conta porque non existían no proxecto. Sinala que hai diversas incongruencias no proxecto. Pide que se estudie o proxecto con detemento e se é o caso se presenten as alegacións que correspondan.

O Sr. Alcalde preguntalle á Sra. Concelleira cal é a súa pregunta en concreto respostando ésta que a súa pregunta son varias e como Grupo municipal gustaríalle coñecer as respostas que poida dar.

O Sr. Alcalde manifesta que non pode dar respostas porque non ten ao arquitecto aquí, na sesión, e son preguntas técnicas que lle fai e que descoñece o tema xa que o Concello limitase a tramitar o que lle envían.

O escrito tramitouse como alegacións ao trámite que Augas de Galicia está levando a cabo.

O Sr. Alcalde reitera que o Concello aplica as leis de procedemento administrativo mais concretamente a Lei 39 e 40/2015 para tramitar os expedientes.

A Sra. González Ginzo pregunta polo punto da Orde do día de período medio de pagamento e sinala que como Grupo Político tamén teñen as súas obrigas de pago, polo que rogaría que se lle aboase o ingreso correspondente, que tamén teñen débedas que pagar e que non pode adiantar cartos propios.

O Sr. Interventor manifesta, a instancias da Alcaldía, que se están realizando os informes e se lle pasará en breve para a resolución correspondente.

## **DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

Intervén Concelleiro do Grupo municipal Popular Sr. García Suárez para referirse ao coñecido como parque no mineral indicando que están sen varanda e quere saber cando se vai solucionar.

Manifesta tamén, seguindo o tema da limpeza indicada pola representante do PSOE, que non está de acordo en colocar w.c. como dixo o Sr. Alcalde e que en canto á limpeza de contenedores que producen cheiros non é so da época do verán que é cando mais se nota pero que hai esquinas cerca dos supermercados que non é culpa deles pero que non se limpian e que é unha obriga dos Concellos

Refírese ao tema das baldosas das beirarrúas e indica que no día de hoxe tivo un incidente xa que tropezou e levou unha caída e roga que se revisen xa que hai moitas en mal estado. Pode dar puntos concretos de zonas que están moi mal e que é necesario revisar.

Intervén o Concelleiro delegado de limpeza Sr. Freije Díaz para sinalar que se están realizando as limpeza e lavado de contenedores correspondentes. Ademais tamen se cambian contenedores que están en mal estado. Tamén estivo o camión de bombeiros regando e limpando.

Non cabe dúbida que pode haber cheiros pero hai certos supermercados e persoal de hostelería que sacan o lixo pola mañá e entón prodúcense os mesmos.

Conclúese que haberá que lavar máis amiúdo e adoptar outras medidas a tal fin.

Intervén de seguido o Concelleiro Sr. Castro Reigosa para referirse ás terrazas de servizo á establecementos de hostalaría sinalando que son espazos públicos e que teñen o dereito de uso pero teñen a responsabilidade de limpar.

Respecto á escaleira do parque do mineral xa existe unha memoria e está en trámites para adxudicar.

Sobre as baldosas e defectos en certas beirarrúas estase tamén mirando as mesmas.

O Concelleiro Sr. Estevez Fernández, do Grupo Popular, pregunta a donde se levaron os cartóns e plásticos que se recolleron estes días.

O Concelleiro delegado Sr. Freije Díaz sinala que a donde sempre, a SOGAMA.

Por último intervén a concelleira do Grupo Municipal Popular Sra. Tosar López para preguntar que fai un camión do Concello que leva dous ou tres anos en Talleres Gasalla.

O Concelleiro Sr. Castro Reigosa sinala que é unha furgoneta que foi da Asociación Puente de los Santos pero que non funciona e que en efectos leva máis de 3 anos alí. Sinala que ten ademáis un problema coa documentación do mesmo e que non parece fácil de solucionar.

O Concelleiro Sr. López Penabaz, do Grupo do PP pregunta se nas obras da Avenida da Ría de Ribadeo existe coordinador de seguridade. O Sr. Alcalde resposta que sí, que non sabe exactamente que técnico é pero que sí existe.

A Concelleira Dona Aurora González Ginzo, do PSG-PSOE, intervén de novo sinala que se lle quedou unha pregunta sen formular se a pode realizar agora indicando o Sr. Alcalde que sí. Pregunta como vai o tema do punto limpo xa que saben que a empresa que estaba encargada está para rescindirle o contrato.

O Sr. Alcalde explica os pormenores e solucións que se están realizando por parte do Concello.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteunha horas e trinta minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,  
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,  
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE**